

Verdad
Valdornel, 2

REXURDIMENTO

Redacción e Administración

Praza dos Irmáos García
Maveira, núm. 22

BOLETIN QUINCENAL.

ORGÃO DOS INTERESES MARINAS

PREZOS DE SUSCRICIÓN

Betanzos, trimestre . . . 0'60
Fora da localidade . . . 0'80
Exemplar . . . 0'10

ANO I.

Betanzos, 16 de Setembro do 1922.

NÚM. 4

A PORTA DAS DONCELAS

Gon motivo das obras de reparación executadas na rúa conocida aitualmente c' o nome d' Ana González, costeadas, como é d'abondo sabido, pol-a municipalidade i-eispréndida liberalidade d'un acaudalado conveciño, falouse do total derribo da antiquísima Porta das Doncelas, chamada d'outro xeito do Ponte Novo, a fin de que a dita rúa cobre un aspeito de más amplia i-elegante urbanización.

Nós acollimos tal rumore c' a natural reserva, e esta é a que nos pon a cuberto da má impresión que no público poideran causar as presentes liñas, caso de resultar aquél completamente infundado. Pero pode acontecer tamén que se poida apricar o refrán castelán de que «cuando el río suena, agua lleva», i-entón será oportuno e até edificante lembrar, anque non sexa más que pra provocar unha reacción saudable, ou espertar un vago sentimento d'emulación, que en non moi longa fecha ergúronse d'aquí e d'acolá, é verdade qu'un pouco estemporaneamente, voces d'airada protesta contra a xa consumada demolición das capelas da Orde Terceira e da Vera Crus, que s'hachaban adousadas a unha das fachadas lateraes—a orientada ao Oeste—da egrexa de San Francisco, botándose a relucir, con tal motivo, a importanza arquitectónica e histórica d'iste mutilado templo e as empoadas glorias dos nobres que durmén o sono eterno nos pétreos xacigas qu'atópanse no seu interior.

Foi unha protesta enerxica, e non aillada, certamente, pois á dos innumeros veciños que a formulano uniuse a de relevantes persoalidades artisticas, literarias e políticas, atinxindo taes proporcións que chegouse a crér na posibilidade d'unha inmediata reparazón pola lamentabre profanación de que fora ouxeto tan formoso moemento, dino, por todos conceitos, do agarimo e venerazón de todolos

brigantíns. Endemais, a inesorável realidade, c' o seu cohorte de tristeiros desenganos, ven moi axiña a asolagar os sans optimistas que xerminaran á quentura das más alentadoras esperanzas.

Houbo n'aquela ocasión un fato de persoas que, impracabres no seu outo amore a Betanzos, saliron con arrogante xesto, pol-os foros do qu'unha data foi suntuoso e mañifico mosteiro, hoxe viva lembranza de pretéritas grandezas, e lograno conmover á indifrente i-estática opinión, cuio espirto anquilosado parcia nimbar c'unha aureola de letal somnolencia a fronte da nosa querida Cidade, d'ista vella Cidade que vexeta lánquidamente, apreñada na teia d'araña da sua concuencia poarenta. E como si no van e supremo esforzo realizado deixara todas as súas enerxias e virase hoxe imposibilitada pra emprender de novo a defensa do seus lexítimos direitos, dispónse a presenciar, con vergoñoso estoicismo, a obra destructora da enxada que d'ista ves ameaza de se cebare nas vetustas pedras do Arco do Ponte Novo.

Non é a necesidade da evolución cidadá; non son imperativos de desenrolamento os qu'obrigan a botar por terra un aloumiñador vestixio do noso pasado histórico, tan íntima e sobriamente ligado á tradición sin lixo e xenerosa do povo: é, sinxelamente, un grotesco afán d'aformoseamento; un falso e trabucado conceito da estética o que pretende sustituir c'uns muros lisos e cecáis blanqueados e faltos d'estilo, un recuncho de moi aliciente emocional e d'un marcadísimo sabore arcaico.

Non queremos siñificarnos c' o que levamos dito como enemigos das reformas progresivas da cidade; pol-o contrario, dexesariamos vel-a com amplias vias, espaciosas avenidas, frondosos xardíns e todo canto compón o principal encanto d'unha povoación moderna. Non queremos que fique ao marxe das novas orientaciós n'este orde de cousas; mais tam poco nos gorenta vel-a infecunda pr'o espirito do arte cando ten títulos d'abondo c'os que pode atinxir a nota d'inmortal.

Betanzos—e dirémos—o trascibindo unhas acertadísimas verbas pronunciadas pol-o Marqués de Figueroa nunha conferenza que deu o ano 1920 na popular sociedade Liceo Recreativo—é das cidades nas que únicamente os artistas deberan pór mao, *coidáñose os demás d'atendel-a e conserval-a esenta de profanaciós de mal gusto*, manténdoa como baixo un fanal.

Non boten esto en esquecemento as nosas autoridades locaes, as que están no primordial deber de preservar de toda irreverenza o patrimonio artístico do povo, fonte inagotabre dos puros goces e das espirituales sensacions.

J. VEIGA ROEL.

Betanzos.

Non debemos esquencer á muller.

Laiémonos da inedia da muller na intervención dos asuntos sociaes até o d'oxe, más non se degoitarar orasme ao porvir si, sendo bós e barudamente costantes, traballades pol-o desenrollo d'unha axeitada cultura que a deixe ficar ceive dos grillós moraes c'os que, até d'agora, se viña tendo asoballada.

Endebén, xa comenzañ moitos a se decatarren de levar todal-as manifestaciós do insino tanto a un coma a outro seso. E seguindo a costume fai tempo establecida nos países máis adiantados, nas grandes vilas da Península ocupanse as mulleres de moitos traballois intelectuaes que denantes constituian somentes un patrimonio do varón.

Nós, os galegos, hemos ser os primeiros peninsulares qu'han traballar por liberar e darlle azos a ese ser que depende da supremacia do home.

A razón de que nós debemos ser os primeiros, os precursores na Península que defendan os dereitos da muller non estriba máis que na certeza que temos de que, as galegas, son as que levan na i-alma, entre todal-as mulleres que están baixo os Pirineos, o máis ou to grado de liberdade. E estas arelas amos-tránse encubertos porque a moda imperante non lles permite manifestar as súas opiniós.

A Nazón peninsular onde máis participación tomou a muller na cultura foi Galiza. Tamén a manifestación do patriotismo e do deber encarnou decote na galega.

Recorrendo as diversas nacionalidades da Iberia, vense, decontado, as diferencias que eisisten entre as nosas i-as outras mulleres. Sempre se ve no fondo das d'aquí un meiran-de azo de liberdade, anque moitas veces fique enmascarada por un noxento andacio visto d'orient.

Cando ollamos a xuntanza feiticeira d'unhas cantas brigantinas, adiviñamos, tras dos seus meigos ollos que gardan, cobizosos, toda a subrime poesía da Mariña, toda a i-alma outa, grande, saudosa da Raza, prometedora de porvires ledos, cheios de grandezas e virtudes.

Na contemplación d'isas mulleres sentimos saturarnos d'un saudable optimismo, porque coidamos que vai finando a escravitude.

Chegará axiña un tempo, no que a muller, igualada en dereitos ó home, ha ser na Galiza o valor máis outo e representativo por ser portadora, máis c'o varón, de cualidades inestimables que a Natureza lle quixo donar.

A voz da muller terá de ser a primeira que inculque ó meniño a adoración pol-a Terra e o orgullo supremo de levar o nome de GALEGO; GALEGO! ¿Quen poderá pronunciar, como fervente oración, esta verba divina, quente, meiga, que os doces beízos das nosas mulleres?

¿Quén poderá repetil-a de xeito tan arrollador como os tenros beiciños dos nosos anxos meniños?

Homes que queredes á vosa Terra, ceibe e felis, leembrádevos da muller. Educádea no ambiente de patriotismo e orgullo da Raza, non lle mermedes dereitos que lle corresponden, que tempo pode chegar no que ela faga máis que vos.

CONTOS DO «REXURDIMENTO»

DESENCANTO.

Abriuse a porta de vagar e Xulia aparesceu na rúa solitaria. Cochábase o rostro coa mantilla, avergoñada, agachando na sóma do encaixe o rubor que lle coloreaba as faces.

Parouse. Un istante volteu a cabeza e ollóu conmovida para a vella casa, toda triste na penumbra do lusco-fusco, en cuyo balcón destacábanse os roxos xeranios, feridos pol-a luz esmorecente d'un candieiro de gas, como pingas de sangue que mancharan os valaustres de madeira.

Sentiu os ollos molidos, entalado o corazón; deu un paso atrás, mais, supetamente dominada a emoción pol-a forza da sua voluntá, abaló rua abaxo, presurosa, c'unha man temendo da mantilla, pousada no peito, tal que se quixera conter o arfardo seio.

Na esquina, como pegado á parede, agarababa un rapaz que ao yéla destacouse para lle saír ao encontro, ridente, xubiloso.

—Ao fin viñeste—dixolle resprandecente de ledicia—Cánto che agradezo!.

—Sí, pódeme agradecer...

Seguiron xuntos, camiñando á presa.

—Quérote tanto, tanto—falaba él baixiño, cono se rezase—que non podería vivir sen ti. Por eso non quero acatar o capricho do meu pai e, inda contra a sua voluntá, casarémosnos e viviremos namorados eternamente e eternamente felices... Cando él vexa que xa nón pode ser d'outra maneira, perdoará, consentirá na nosa unión ...

Ela ouvia o mormurio da sua parla sen escocitala; recollida en si mesma, escismadora e intánquila, sentindo un vago arrepentimento por ter obedecido aquel rogo constante do noivo, mais sen vontade para retroceder. Sentouse maquinalmente no asentadeiro mol do automóvil que os agardaba, e nun atordoadamento pasmaceiro viu como na veloz marcha do vehículo iban quedando atrás as luces da cidade, que parpadexaban asombradas ante aquela fuxida.

O coche estacou ante un chalet que nos arredores poseín os pais do rapaz. E naquela casa elegante e cómoda, coma nun soño de amor, Xulia foi toda do noivo, que entre caricias e xuramentos aloumiñantes, á trasbordar de entusiasmo e felicidade posseeuna.

Era unha delicia a nova vida que se abría para a homilde que, pol-o amor, ascendía ata ser a reina de aquela casa, de aquel namorado rapaz que adouraba nela. E o día pasou nunha admiración babosa, nun encanto de tenrezas.

Pero á noite, él, xa camo dono d'aquel tesouro de cariño e beleza que non podería fuxirle, tan presa a creía á sua voluntá, cincamente tratou de convencela.

—Agora debemos falar moi seriamente, para ver o que faremos.

—¿O que faremos?—asombrouse ela—Agora é casarnos...

Calou él un instante, logo:

—Comprenderás que a miña familia non consentirá que eu case contigo sendo tan diferente a nosa posición; así que o mellor é alugarnos unha casinha, toda branca, ridente co-

ma o noso querer feliz, que mobiliaremos coquetonamente convertíndo a nun niño de amores...

Ante aquelas palabras, Xulia sentiu un atordoamento horrible que lle barreu o sentido, e estalou en choros, en saloucos que á afogaban. Despois quedou debruzada no sofá, ofegante, sen ver nada, sen comprender nada senón aquel terrible engano, aquela trición infame de que fora auxeto.

En valuto o noivo pretendia facela acaugiar falándolle do seu grande e verdadeiro cariño, que endexamais a abandonaria... hastra que cansado da inutilidade do intento foise adorincedo apoltronado nunha butaca.

Xulia ergueuse por fin, viu o noivo dormido, e sentindo un inmenso terror, un grande noxo que se adonaban d'ela, abriu á modiño unha vidreira e descolgouse para fora. Despois correu espavorida á través da campia, co desexo de voltar á sua vella casinha na rua solitaria, da que en mal hora fuxira enganada pol-o finxido querer d'un señorito vil.

LEANDRO CARRÉ.

Na Cruña.

ANTÓN FIAÑO

Setembro do 1918—Septembre 1922

Onte fixo catro anos que ficamos sin a túa compaña, rápido e xeneroso, que nacíche pra loitar pol-a verdade.

O teu espírito non acougou endexamais cando d'engrandecer a Terra se tratava.

Finache cando o alvorecer do noso rexurdir escindilaba nas ulmas acesas de bondade. E cecais isto foi o que mais che maguou: deixabasnos sós n'aquellos instantes críticos nos que nós impuxeramos traballar pola Pátria, cheios d'azos redondiores.

Moita foi a perda que surxiu ante nós no instante da separación, mais no fondo das nosas almas amarguradas, deisches a simiente qu'outrora habería donar sazouto froito.

Xa ves que non esquecemos a nosa obliga, e mentras vivimos n'esta terra meiga defenderemos a xustiza, sin tremer á sorna dos maus nin á liorta que nos más dominen.

Seguiremos o rego comenzido, sin o rematar mentras molle nosas veias a derradura pinga do sangue que decote ll'ofrecimos á Terra que nos deu.

Eis hoxe coma denantes, os nosos inquietantes espíritos, qu'unha data xuntárdanse ao teu.

O día 19, segunda feira, ás 6 do serán, concorrerán ao cemiterio aquelas persoas que queiran rendir un tributo gariñoso á lembranza d'Antón Fiaño Miravilles. Nesa hora chegarán ante a tumba do chorado morto comisóns da Irmandade Nacionalista e da Redaición de "Rexurdimento", así coma outras persoas particulares, pousando todos froles sobre da sepultura.



¿FADA OU QUIMEIRA? ¿VIXILIA OU SONO?

"No importa que los sueños sean mentira
ya que al cabo es verdad,
que es venturoso el que soñando muere
infeliz el que vive sin soñar."

(Rosalia Castro, En las orillas del Sar")

Val o sono coma feito
e o feito que non e sono
danos soyo ruín porveito.

Entre sonos a vin! é ben certo
que a vin e mireina,
que me viu, e mirou, e faloume
con fala de meiga!
¿Foi un sono de vrán?
¿A vixilia por sono valera,
doce lembro d'acordo lonxano?
.....
Unha noite calada e serea,
pol-o fondo do val, xunt'ó río.
pasou a quimeira.....
Branqueou no luar un estante,
nos espazos deixou unha estela
vagaroso, com'o camiñoni
que na cima dós ceos branquexa;
o que os anxos abriron yencheron
de polvo d'estrelas!
Ollando na vía do ceo
aquei rastro que brila e que tembra,
inda mais me perdiñ nos escuros
camiños da terra,
luminados no mais que o momento
de vixilia, ou do sono, qu'oubra,
cando foi que o mirar d'unha fada,
levoume tras ela!....
¡Dend'entón, xa pasou moito tempo,
e isa noite do vrán, lonxe queda!
Ben volvin a buscar nas soedades,
o luar que crarea,
miña imaxe branquiña da fada,

a do encanto que mozo tivera,
a qu'erguéus' é voou pol-o espazo
e bulrou meu afán, tan lixeira!...
¡Alma triste! sen duda os meiguizos
a tiveron doida, posesa,
com'a tantas que vagau perdidas
inoradas dos corpos que as levau!...
Inda oxe, se o luar enfeitiza
e do sono a figura desperta,
a lembranza, coa duda que volve,
fai que os ceos pergunte por ela,
e perguntem'a min, se foi certo
que a fada ou quimeira,
o pasar pol-a veira do río
a vin e mireina,
e que a min se virou e faloume
con fala de meiga,
n-unha noite de vrán moi lexana,
n-unha noita calada, e serea!....

MARQUÉS DE FIGUEROA.

PENSAMENTOS PRA UNHA UNIVERSIDADE GALEGA

E un feito recoñecido por todos que precisamos en Galiza unha grande e moderna universidade. Mais o que non chegou a sermones craro é d'onre proven iste feito. Hai duas razós. Primeiramente fainos falla que os nosos futuros médicos, abogados, profesores sejan os mellores posibles en canto á sua preparaçou técnica e científica, preparagon que non se fai só en aulas mortas senón nas clínicas, laboratorios e traballois prácticos. Por outra parte precisamos un foco intenso, un fogar acceso sempre, da cultura galega, en canto esta cultura é espiritu, un nó espiritual que informe e sosteña ao noso povo. Istaas duas razós son as que debenos guiar nos nosos planos d'unha universidade futura. Ben me decato que por dagora trátase dun soño nobre mais todoi-os ideáis son na primeira soños e so con soñios, con ideáis, poderemos facer unha Galiza más grande!

II

Compréndese ben que a nósua actual universidade d'estreito horizonte limitada a producir titulados, fría e esmorecente, nen transformada pode ser un ideal. Non-o será tampouco un claustro de sabios cheos de ciencia más alleos á vida e pol-o tanto no fondo ineficaces. A nniversidade que desejamos debe hacharse aberta á vida inteira pr'a poder dirgil-a vida, debe sentir como bate en cada momento o curazón do noso povo e como directora enchel-a sua alma de pulos generosos e altos. Non embargante tera que se ocupar dos técnicos especialistas, e a istos quedará reservados moitos cursos e traballois. Mois tanto non pode facer e debe facer pol-a cultura do jornalista, do poeta, do artista, do home de negocios, do agricultor ou do aficionado ás cousas do espiritu! Este dobel aspeito háchase ja nas universidades francesas. Quen pasou unha vez pol-os claustros da Sorbonne cheos de vida, cheos dun público heterogeneo na que ás veces os es-

tudiantes son os menos, pr'a escotiar algún curso a todos os que alí cubizosos por saber chegaren, sobre algún asunto fondo e grave, que tristura lle non dan os nosos claustros pobres e esmorecentes!

III

As vellas facultades están morrendo; no seu canto virán os grupos de estudos que moitas veces formaranse pola libre e fecunda iniciativa do estudante. Onde, pois, pode hacharse a Psicología? Pr'a os filósofos na filosofía, pr'a os naturalistas na historia natural (como a psicología dos animás), pr'a os médicos na medicina (como psicopatología); isto é: en todas as facultades e en ningunha.

IV

Seguramente que é un absurdo que un rapaz galego aon poda chegar a ser arquitecto na sua terra quedando asin a carreira d'arquitectura reservada non aos mellores senón aos que poidan telos medios económicos que fan falla pr'a seguiren longe da sua casa longos estudos. Ademais non surdirá d'esta maneira mais que difícilmente un traballo renovador sobre da nosa tradición arquitectónica. O mesmo podese decir na ingeniería. Porque non levar tamen istos estudos a universidade, como ja se ten feito n-outras partes, Enriquecendoa asin material e espiritualmente?

V

Como orgo da cultura galega a nosa universidade debeollar pr'a os países afins esos que bordan o Atlántico e establecer relacions con eles. Portugal, América do Sur, Brasil e América do Norte, França, Irlanda, Inglaterra, son países que oje cuase non coñece o noso povo máis que pol-o nome ou superficialmente, só no seu aspecto externo, e con os que convivindo obteríamos moito proveito e levaríamos o noso traballo ao tesouro universal da humanidade. Con Portugal desde o momento actual podiase facer moito. Condición indispensable pr'a o que agora me ocupa é que apréndase ademais do francés, o inglés nos nosos Institutos e que en todos eles se insigne gaelgo (⁽¹⁾) e portugués o que valería mais pr'a as amistades ibérias que os retóricos saudos diplomáticos. Despois o intertroque de profesores, os viaxes d'estudo serían tan faciles como útiles.

VI

Compostela, vello niño bretemoso de poetas e cantores, pode ainda se nós sabemos facelo, ser o santuario da alma galega.

JOHAN VIQUEIRA.

(1) Pr'a esto conviría primeiramente unificarmos o noso idioma o que se podía facer por un acordo de todo os escritores e unha publicación de reglas.

Novas locaes

As festas celebradas en honore á Virxe dos Remedios resultan, sin hipérbole, as mellores de todas cantas se teñen celebrado. O día 8 saiu unha procesión onde se podía admirar un número de familia verdadeiramente asombroso.

Nos días sucesivos ficamos sorprendidos c'as axeitadas verbenas que diron a toda clás de xente a sensación de qu'os veciños de Nosa Señora e o Ponte Vello saben orgaizar festas de fondo adivertimento e gusto.

Pasmaba, en todo o arredor, o fato de rapaciñas ledas e bonitísimas, qu'alí se xuntaba.

En fin, os testexos fono dinos de louba pol-o simpáticos e populares, e nós enguedamos aos orgaizantes a nosa embora.

O domingo derradeiro comenzou a nova temporda de cine no teatro Alfonsetti e más no García Naviera. Comunicánnos que, no mesmo n'us que n'outros salós, proieutan iste ano ofrecer ao público producções cinematográficas de outo mérito.

PERDA. — Foron atopadas no Cantón Grande unhas cantas chaves pequenas, c'un candadío e cadeña. O qu'as perdéu pode pasar a recollellas na redaición d'iste boletín.

DEPORTES

DE FUTBOL

O domingo 10, celebrouse o anunciado partido de futbol, entre os primeiros teans do «Tomasino F. C.» e o «Unión Betanzos».

Sorteádolos campos e alineados os equipos, comenza o xogo, ás catro en punto, arbitrando Oliver do Ferrol.

Fan o saque os coruñeses, c'un pequeno avance. Recollido o balón polos nosos e favorecidos por un forte vento, manteñen o xogo no campo contrario, bombardeando constantemente a meta dos coruñeses; pero a falta de precisión no «chut» nos nosos dianteiros fai que non consigan marcar ningún tanto.

Tírase un «corner» contra o Betanzos e outro contra o «Tomasino» sin consecuencias. Síguen dominando os nosos; pero nun avance dos coruñeses, consiguen levar a pelota até as defensas do Betanzos, onde unha falta do medio centro obliga a tirar unha patada de castigo, que vale o primeiro tanto para os da Cruña. Continúa o xogo sin interés, e así remata o primeiro tempo.

Reanudado o xogo, e correspondéndolle o saque aos nosos, xogau contra un fortísimo vento; tratan de conquerir o empate e arremeten con entusiasmo, pero o esforzo topa coa defensa dos coruñeses. Tíranse dous «corners» contra os nosos e un contra o «Tomasino». Contraatacan os coruñeses, e, por unha entrada d'un defensa noso a un dianteiro coruñés,

¿Quere aforrar cartos?

Merque na casa

Abarrategui e Bonome

PANEIRÍA E DEMAIS ARTIGOS DE VESTIR

Sánchez Bregua, 3 (Seportás d'a Praza)

volve a sere castigado o equipo local c'unha libre que vai lora. Conquieren os nosos levar a pelota repetidas veces até o campo coruñés, pero sin conquerir marcar ningún tanto. E con líxeiras alternativas, onde a pelota vai d'un campo a outro, sigue o segundo tempo até qu'un avance do «Tomasinos» pon en perigo a metá do «Betanzos», onde a nosa defensa traballa con ahincos conquerindo lanza-la pelota aos medios, e estes ao avance, os que a levan rápidos a metá contraria, onde d'un «chut» sesgado coloca o balón na rede o dianteiro centro. Faltaban sete minutos pra se rematar o partido.

Sacan os coruñeses, e, ainda que tratan de desfacer o empate, nou poden consegui-lo, pois os nosos animados e incansábeis traballan con denodo. E así remató o partido.

Componían o equipo local: Montes (M.), Baiado (A.), Pita (J.), Fariñas (A.), Candal (J.), Rodriguez (J.), Suárez (M.), Barreiro (M.), Cabaleiro (A.), Peña (C.), Núñez (J.)

UN DEPORTISTA.

O CENTENARIO DA INDEPENDENZA DO BRASIL

A República brasileira, a más estensa da América do Sul, a que más parentesco ten c'a Galiza de todas cantas s'atopan no Novo Mundo, celebróu o 7 d'este mes a terminación do primeiro século da súa independenza.

É verdadeiramente admirável a evolución progresiva do Brasil. Hoxe conta con 30.675.000 habitantes, os que, pódese decir, falan a nosa lingua, e teñen un territorio de preto de 9 millós de kilómetros cuadrados, casi como Europa, que ten 10 millós,

O Brasil é unha prolongación de Portugal, como Portugal o é da Galiza.

A einoción que nos abrangue polos trunfos da gran nación brasileira é inmensa porque eles atinxéronnos a nós, á nosa Raza.

LIBROS E REVISTAS

«NÓS»

O 12.º número d'esta importante revista asombra nos en todos os xeitos. Cada vés atopámola máis interesante, e chegamos a coidar que hoxe non debería haber familia na Terra que, preciándose de ficar ao tanto da cultura galega, non-a lea:

Este derradeiro número continúa e remata a interesante dissertación de Castelao encol do Cubismo. E dina de louba a sección arqueolóxica por Florentino L. Cuevillas. Vense, ademais, as firmas de Xan Aznar, Fermín Bouza Brey, Arturo Noguerol, e Vicente Risco.

A valoran a revista fermosos fotogramados asín como un admirabel dibuxo de Castelao.

«CANTARES DA TERRA»

Orixinaes e inéditos, compostos por F. Salgado e López Quiroga.

Ainda non tivemos tempo pr'o ollar. Eis o que d'el un prospeto: .E un libro que pôde porse en todos os maos.

Seu éxito depende de qu'a obra é d'un poeta enxebre no fondo e na forma. Os cantares que contén son en realidade *cantares da terra*, e pouco galego ha ser quen, ao lerlos, non perciba o arrecedor da terra. Nos líricos, na musa do amor, tensamente apaixonada, canta súas legrías e tristuras, xa xunt'a *fontiñ* que non para de rezar, desexando ficar dormida, mentres ela reza á soma dos saqueiriños qu'a gardan; xa ao pé do muíño, contemplando a auga que corre, coma corren as tristuras por adento da i-alma...

A COSTUREIRA

Aparecérá ista derradeira obría de Céltiga, que fai o número 6 d'ista publicación mensual. É orixinal do poeta ferrolán Nicolás García, c'unha xeitosa ilustración de Carmelo.

A obra, coma todal-as que van publicadas, merece a pena de a ler...

Felicitamos á editorial Céltica pol-o nobre traballo que s'impón publicando estas novelas onde ó intrés do seu testo, axúntase a fermosa presentación non igualada, por tan pouco custe, en toda a Península:

«A NOSA TERRA»

Recibimos o derradeiro número d'iste boletín que decote s'adica con ardencia a defender rexamente o xa puxante nazionalismo galego.

Agradecemos a verbas aleutadoras qu'adica ao REXURDIMENTO, as que non daremos a esquencemento endexamais.

«GRAFICA»

Revista quincenal ilustrada. Cruña, Setembro 1922. Interesantes as «Burgulladas» de Vilar Ponte; deseños de Castro Gil, Alvaro Cebreiro, Gutierrez e Castro.

TRADICIONES BRIGANTINAS

Datos para a historia da Ilustre Cofradía da Concepción e Santa Vera Crúz de Betanzos.

Dedicados a D. Salvador López Miño, Inxepiero de Camiños, Canales e Portos, derradeiro Presidente da Ilustre Cofradía.

Próximo a se publicare un folleto do Bachiller Hungarello c'o título qu'encabeza estas liñas, conquebrimos do dito señor o prólogo d'ista obra, coidando d'iste xeito ofrecerlle os nosos leitores unhas interesantes notas de puro sabor tradicional, espontáneas, c'a admirabre verba d'un dos melhores escritores locais.

Doas verbas coma preámbulo.

Iste pequeno traballo redúcese a ordenar cronológicamente os feitos que d'ista *verdadeira institución de Betanzos* atopári anotados sin orde nin concerto nun manuscrito d'un afeizado como eu a istos estudos: outro virá que mellorará a obra cubrindo as suas lagoas, mais bó será ir sentando as bases para derradeiros traballos.

Non se coide que móveme a faguer ista recopila-

ción ordeada o ser eu cofrade dende 1892, ocupando hoxe o coarto logar nas suas listas, nin qu'o haxa sido meu proxenitor, nin que foran presidentes pol-a veira da miña muller dende o tatarabó até un bisneto recentemente; non.

Tampouco me move a faguer iste traballo as catro ou seis centurias d'ista institución cívico-relixiosa, integrada pol-as clases principaes da povoación; nin o caso de que quizás sexa unha das tres únicas constituídas na Hespaña por homes.

Nin siquera a importanza e suntuosidade dos seus solemes cultos do 7 e 8 de Nadal, non superados nin igualados por ningunha irmandade, cofradía ou corporazón... E fóra ouvín a moitos forasteiros veraces imparciaes facerse lingua, da manifistencia das súas funcións, dinas, según eles, dunha capital importante.

Nin seus hoxe simbólicos castelos, que, a xeito de ciriaes, van, levados por nenos vestidos con roupas adamascadas brancas i-azules, ás veiras da Virxe: nin a convocatoria solene que se fai ós cofrades o 7 pr'a vísperas e o 8 pr'a función principal por tres homes vestidos d'hopalandas brancas i-azules e tocados con grandes chapéus, dos que doux executan c'o pito e tamboi unha típica música d'ar marcial, e o terceiro indo diante c'un rollo de papel na mao chegan ás portas dos cofrades avisandoos pr'a funcións; e máis tarde esa orixinal comparsa vai buscar ó Concello os dous días, vindo p'ro templo diante dos que componen a Corporación Municipal, ós que reciben e despiden no pórtico, c'os embremáticos seis castelos, o Presidente i-os cofrades.

Móveme tan só je non é pouco! que a esta asociación debemos únicamente os brigantins, así en aislamento, a conservazón do fermoso templo de S. Francisco, que ti non fora pol-a Ilustre Cofradía da Concepción Santa Vera Crus, ficaría hoxe non xa en ruinas, porque até as pedras haberíanse levado.

Si esta consideración non merece que lle dediquemos este modesto traballo, non comprendemos a importancia que se da a certas monografías e folletos históricos que non dan de sí o enredo que se desprende dos datos que verá o que queira ler.

O BACHILLER HUNGARELO

Betanzos, Abril do 1922.

Contra do odio, da vinganza e da inxusticia, compre somentes amostrar o noso amor e semental-o. O amor frorecerá sobor das malas herbas.

Temos de amar con todo amor a nosa Terra; os seus árbores, as súas pedras, os seus paxaros, as súas herbas, as súas augas... canto n'ela vive, chouta, canta e frorece!

LA VERDAD

e panxios, todolos días dibuxos novos. Verdadeiro derroche en lenzos e xéneros brancos.

**SALDO DE RETALES E XÉNEROS DE PUNTO
PRECIO FIJO**

ANAGRAMA

Un amigo castelán que recorréu moito mundo falounos con gran entusiasmo de «Metai» a gran diva rumana comparável, segün el, tan soilo á Diosa Juno. Así, falando, díxome tamén: «Cuando estuve en Monte Carlo

Vi jugar a Metai

Combinar as letras d'ista frase pra que resulte o nome e apellido d'unha fermosísima i-elegante forasteira.

A soluzón ao anagrama inserto no número anterior corresponde ás lindas rapazas,

PILAR PENA e CONCHITA SEOANE.

Leu vostede "REXURDIMENTO"

BRIGANTINOS:

Si queredes mercar mobles baratos, visita de a nova sucursal do Bazar e Almacén de mobles da rúa do Valdoncel, núm. 43, onde atoparedes os ouxetos que deseedes a precios moi económicos.

Casa central:

FERNANDO LAGO

Panadeiras. 16, CRUÑA.

(SIN BAÑO)

O producto científico
ESTEAGENOL LAFONT
é o remedio soberano contra
a SARNA. Sólido, de grato
olor. Precio 1'50. En todalas

Farmacias e Droguerías de
Hespaña e Norte d'Africa, e na
casa da Viuda de Lafont, Cañón Grande, 39,

BETANZOS

SARNA

(SIN BAÑO)

En crespós, marrocains, lás, sedas, fulares
nañsús e demáis novedades pra señora. E a
casa que presenta millor surtido. En pañería
derroche en lenzos e xéneros brancos.

VALDONCEL, 2

**PAQUETERÍA, QUINCALLA
EL GATO NEGRO
— PRECIO FIJO —**

Viuda e fillos de Valerio Núñez

Casa especial pra ouxetas d'adorno e fantasía.
Louza e bateiría de cociña.
Vidrio cha e oco. Pinturas e barnices.
Venda eiscrusiva da KROMINA.
Venda eiscrusiva dos cementos marca «ANCORA»
dos fillos de Rezola de San Sebastián.
Materias de construzón.
RUATRAVEZA, 35 E 37. TELÉFONO, 15
BETANZOS
Antigua casa establecida no ano 1879.



**ZAPATERIA
DO CANTON**

A que más surtido ten.
A que más barato vende.
Compre-vostede ali.

JOSE IGLESIAS MASDIAS
MERCEAIRÍA, PAPELEIRÍA E QUINCALLA
Praza da Constitución, 2.

=====
FERRETERÍA

Ferramentas, Ferraxes e Puntas. — Gran surtido en
bateiría de cociña.
Non merquedes denantes de visitar esta casa.
Ferreiros, 19.—**BETANZOS.**

H. COMERCIO

Ramón G. Pernas
(SUCESOR DE JOHAN LOPES)
Praza d'Arines.—**BETANZOS**

É a millor, más céntrica i-ecómeca da cidade. Visítena os señores viaxeiros e convenceránse.

Si queredes mercar barato visitade o novo
establecimiento de

PANOS, TECIDOS E NOVEDADES

— DE —

R. MONTES

Ruatravesa, 2, esquina ós Prateiros, — **BETANZOS**
PRECIOS FIXOS

“HIJOS DE A. NUÑEZ”

CASA FUNDADA EN 1871.

Almacès de tecidos e móbiles
Sánchez Bregua, 2 e 13
Librería, Papelería, Paquetería e Quincalla
Plaza d'Arines, 32.

=====
BANCA ===

Compra-venda de valores, xiros, órdes telegráficas e
toda crás d'operaciones bancarias.

**FARMACIA E LABORATORIO
DOCTOR COUCEIRO**
Plateiros, 8 (Frente á Ruatraviesa)
BETANZOS

JOSE FERREIRA

MENDES NUÑES, 17

Tecidos nacionaes i-estranxeiros.— Paquetería e
Quincalla.— Gran surtido en paraguas.— Por fin de
temporada sáldanse etaminas, crespós, sedas e toda
crás d'artigos de vran.

Visiten esta casa e mercarán a precios baratisimos

NOS

BOLETIN MENSUAL
DA CULTURA GALLEGA

Ademítense suscripcíos n'esta redaición.

Aparellos e accesorios cinematográficos.

L. GAUMONT

Casa central en París. Representante en Galicia, Xo-
sé Ferreira, Méndez Nuñez, 17,
BETANZOS

GRAN CASA PRA VIAXEIROS

— DE —
JOSÉ BARREIRO REY
Monxas, 4-A. Teléfono n.º 44
BETANZOS

CONFITERÍA

— DE —
Constantino Rábade

SOPORTÁS DO CAMPO

Dulces finos

Fanse toda crás d'encárregos.

Imprenta de M. Villuendas, Valdoncel, 50